

Mellora do abastecemento no contorno da presa de Alange, 2.ª fase.

Abastecemento ao Consorcio de Los Molinos, 2.ª fase.

Mellora da condución e novo depósito en Ciudad Real.

Mellora do abastecemento á comarca de Almadén.

Ampliación da EDAR de Ciudad Real e colectores.

Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Argamasilla de Alba e Tomelloso.

Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Bolaños e Almagro.

Saneamento e depuración de municipios das Tablas de Daimiel.

Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Bacía do río Amarguillo.

Abastecemento aos núcleos inmediatos ao acueduto Texo-Segura.

Construción da ETAP de cabeceira na rede de abastecemento á Llanura Manchega.

Ramais de distribución a partir da condución de auga que desde o acueduto Texo-Segura incorpora recursos á Llanura Manchega.

Proxecto de construción da presa de Enciso.

Proxecto regulación do río Leza. Presa de Sototerra.

Proxecto de regulación integral do canal de Terreu.

Condución abastecemento a Cáceres desde o encoro de Portaje e outros (Cáceres).

Adecuación e mellora da rede de abastecemento á nova mancomunidade do Guadiela.

Abastecemento á futura mancomunidade de augas dos núcleos lindantes cos encoros de Entrepeñas e Buendía (Cuenca e Guadalajara).

Ordenación hidráulica do río Texo entre Bolarque e Talavera, tramo Aranjuez.

Reparación e adecuación do contorno do depósito de auga tratada da ETAP do sistema de abastecemento. Almoquera-Mondéjar.

Ampliación da ETAP de Talavera de la Reina.

Ampliación e mellora do abastecemento aos municipios da zona do Sistema Alberche.

Restauración ambiental do regato Riopudio.

Agrupación de verteduras urbanas, desaugadoiros e estacións de bombeo de pluviais e emisario ata a EDAR de Écija.

Defensa da cidade de Écija fronte ás enchentes do Río Genil 2.ª Fase.

Nova condución de impulsión da estación elevadora de pé de presa de Guadalcaçín para mellora do abastecemento á zona gaditana.

2.ª fase do sistema Quiebrajano-Víboras: renovación do resto de rede do sistema do Quiebrajano.

2.ª Fase do sistema Quiebrajano-Víboras: tramo Cuérniga-Arjona.

que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, é o relativo á nova configuración da docencia universitaria, que se manifesta, por un lado, na estruturación do persoal docente universitario en dous únicos corpos, de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade e, por outro, no establecemento dun novo modelo de acreditación de elixibles, no cal, a diferenza da habilitación ata agora vixente, se eliminou a oferta dun número de prazas previamente delimitadas. Tal modelo baséase agora na posesión previa polo candidato ou candidata dunha acreditación nacional, cuxo procedemento de obtención se regula neste real decreto e que lles permitirá ás universidades elixir o seu profesorado, de maneira moito máis eficiente, entre os previamente acreditados.

O sistema proposto inspírase na tradición académica da avaliación polos pares. Esta tradición incorpórase a todo o proceso e de maneira explícita no requirimento de informes de especialistas na disciplina de cada un dos candidatos. O modelo de avaliación polos pares do profesorado veu sendo utilizado por diversas institucións en España durante os dous últimos anos. A experiencia acumulada permite agora propoñer este novo modelo de acreditación de profesorado como paso previo aos concursos de acceso dentro das universidades. A incorporación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ao proceso permitirá recoller toda a experiencia acumulada na avaliación de profesorado dos últimos anos.

A finalidade do procedemento de acreditación nacional, que se establece no capítulo I, é a obtención do correspondente certificado de acreditación que, xunto á posesión do título de doutor, constitúe o requisito imprescindible para concorrer aos concursos de acceso aos mencionados corpos de profesorado funcionario docente convocados polas universidades.

Preténdese con isto unha valoración previa dos méritos e competencias dos aspirantes que garanta a súa calidade, a fin de que a posterior selección do profesorado funcionario se leve a cabo nas mellores condicións de eficacia, transparencia e obxectividade.

O certificado de acreditación producirá efectos en todo o territorio nacional e configúrase, en última instancia, como garante da calidade docente e investigadora do seu titular ao cal habilitará para concorrer aos concursos de acceso aos corpos docentes convocados polas universidades, independentemente da rama de coñecemento en que o acreditado fose avaliado.

A valoración dos méritos e competencias dos aspirantes á obtención da acreditación realizarana as comisións de acreditación, ás cales se lles dedica o capítulo II. Os membros de tales comisións serán designados polo Consello de Universidades entre os propostos pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación e renderán contas da súa actuación a esta axencia.

Establécese tamén no capítulo II a composición, constitución e funcionamento das comisións, os criterios para a designación dos seus membros, que variarán en función de que a acreditación se solicite para o corpo de profesores titulares de universidade ou para o corpo de catedráticos de universidade, así como as condicións de aceptación, renuncia, abstención e recusación daqueles.

Para garantir a transparencia e obxectividade na designación dos membros das comisións de acreditación, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación publicará o contido dos currículos dos membros titulares e suplentes, de conformidade co establecido no artigo 57.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

Nos capítulos III e IV regúlanse os aspectos relativos aos requisitos para a acreditación e procedementos de

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

17492 REAL DECRETO 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios. («BOE» 240, do 6-10-2007.)

Un dos eixes vertebradores da reforma universitaria levada a cabo pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola

solicitudes polos candidatos e a súa tramitación, que se levará a cabo a través da Axencia Nacional da Avaliación da Calidade e Acreditación, á cal lle corresponderá comunicar a resolución ao Consello de Universidades, que expedirá, cando así proceda, a favor do candidato o correspondente certificado de acreditación.

De acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, a disposición adicional primeira deste real decreto establece unha regulación específica do procedemento de acreditación para os actuais profesores e profesoras titulares de escolas universitarias en que a docencia se valora de forma singular. Pola súa parte, a disposición adicional segunda prevé a posibilidade de acreditación para o corpo de catedráticos de universidade dos funcionarios e funcionarias pertencentes ao corpo de catedráticos de escolas universitarias, nas mesmas condicións que os profesores titulares de universidade.

Así mesmo, e para facilitar a mobilidade do profesorado procedente doutros países, este real decreto prevé que os profesores e profesoras das universidades dos Estados membros da Unión Europea que alcanzasen naquelas unha posición equivalente á de catedrático ou profesor titular de universidade poidan ser considerados acreditados para os efectos do previsto neste real decreto.

Por último, e a fin de garantir a necesaria transparencia e obxectividade no desenvolvemento do proceso, o anexo relaciona os criterios de avaliación e a súa baremación tanto na acreditación para profesores titulares de universidade como para catedráticos de universidade.

Este real decreto foi sometido a informe da Axencia Española de Protección de Datos, da Comisión Superior de Persoal, do Consello de Universidades e na súa elaboración foron consultadas as organizacións sindicais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de outubro de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o procedemento para a obtención da acreditación nacional a que se refire o artigo 57 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

O procedemento para a obtención da acreditación nacional rexerese polos principios de publicidade, mérito e capacidade e polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior, así como neste real decreto e nas demais normas de carácter xeral que resulten de aplicación.

Artigo 3. *Finalidade da acreditación nacional.*

A finalidade do procedemento é a obtención do correspondente certificado de acreditación que constitúe o requisito imprescindible para concorrer aos concursos

de acceso aos corpos de profesorado funcionario docente a que se refire o artigo 57.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de acordo cos estándares internacionais avaliadores da calidade docente e investigadora.

A acreditación producirá efectos en todo o territorio nacional para concorrer ao corpo a que se refira, independentemente da rama de coñecemento en que o acreditado fose avaliado, e ten por obxecto a valoración dos méritos e competencias dos aspirantes a fin de garantir unha posterior selección do profesorado funcionario eficaz, eficiente, transparente e obxectiva.

CAPÍTULO II

Comisións de acreditación

Artigo 4. *Comisións de acreditación.*

1. A valoración dos méritos e competencias a que se refire o artigo anterior será realizada por comisións designadas para o efecto polo Consello de Universidades. Estas comisións levarán a cabo o exame e xuízo sobre a documentación presentada polos solicitantes e emitirán a correspondente resolución.

2. Constituirase polo menos unha comisión para cada unha das acreditacións a que se refiren os artigos 12 e 13 e para cada unha das ramas do coñecemento seguintes: artes e humanidades; ciencias; ciencias da saúde; ciencias sociais e xurídicas, e enxeñaría e arquitectura.

Para garantir o seu adecuado funcionamento, o número de comisións poderá ser revisado polo Ministerio de Educación e Ciencia, por proposta do Consello de Universidades ou da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), a que se refire o artigo 32 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, en función do número de solicitudes e do desenvolvemento do procedemento de acreditación.

3. Para constituír estas comisións, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación proporalle ao Consello de Universidades unha lista de posibles membros. Esta lista deberá conter polo menos cinco propostas por cada membro titular. De entre os propostos, o Consello de Universidades seleccionará os membros titulares e suplentes das comisións, polo procedemento de selección que estableza, de acordo cos criterios que figuran nos artigos 5 e 6 deste real decreto. Para cada unha das comisións de acreditación seleccionárase igual número de membros suplentes que de titulares.

4. As comisións de acreditación renderán contas da súa actuación á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación. A citada Axencia establecerá mecanismos de funcionamento interno e coordinación das comisións para garantir a coherencia no seu funcionamento e dos resultados das súas avaliacións.

5. A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación informará o Consello de Universidades do funcionamento das comisións e os resultados das súas actuacións coa periodicidade que estableza o dito consello.

Artigo 5. *Composición das comisións.*

1. As comisións que valoren as solicitudes de acreditación para o corpo de profesores titulares de universidade poderán estar constituídas por catedráticos ou catedráticas de universidade ou por profesores ou profesoras titulares de universidade, por persoal investigador pertencente a centros públicos de investigación ou por expertos de recoñecido prestixio internacional.

2. As comisións que valoren as solicitudes de acreditación para o corpo de catedráticos de universidade deberán estar constituídas por catedráticos ou catedráticas de universidade, por persoal investigador pertencente a cen-

tros públicos de investigación ou por expertos de recoñecido prestixio internacional.

3. Cada unha das comisións a que se refiren os dous puntos anteriores estarán compostas, polo menos, por sete membros de recoñecido prestixio docente e investigador contrastado e pertencentes aos corpos de funcionarios docentes universitarios, a centros públicos de investigación ou expertos de recoñecido prestixio internacional. Un dos membros actuará como presidente ou presidenta e os demais como vogais.

Artigo 6. *Criterios para a designación dos membros das comisións.*

1. A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación proporá e o Consello de Universidades designará os membros das comisións de acreditación, atendendo aos dous criterios seguintes:

a) Experiencia docente ou investigadora de calidade. Para a valoración desta experiencia tomarase en consideración o currículo dos candidatos. Para pertencer ás comisións, os catedráticos ou catedráticas de universidade deberán xustificar a posesión de tres períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario, e os profesores ou profesoras titulares de universidade deberán xustificar a posesión de dous destes períodos. Para estes efectos, o último período recoñecido debe ter sido nos últimos 10 anos.

En todo caso, polo menos cinco dos membros deberán contar cunha experiencia docente universitaria non inferior a 10 anos.

b) Experiencia en actividades de avaliación académica, científica ou tecnolóxica.

2. Procurarase que nas comisións de acreditación haxa membros que desenvolvan a súa actividade en distintos ámbitos científicos e académicos pertencentes a diferentes institucións e comunidades autónomas.

3. A composición das comisións de acreditación, de acordo co establecido no artigo 57.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior, deberá procurar unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

Artigo 7. *A presidencia da comisión.*

Exercerá a presidencia da comisión o membro de maior rango académico e antigüidade entre os funcionarios públicos. En caso de ausencia, actuará como presidente un vogal de acordo co mesmo criterio.

Artigo 8. *Código ético.*

1. Con carácter previo á súa designación, os componentes das comisións de acreditación asinarán o código ético, que elaborará a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación de acordo cos seus principios de funcionamento. Este código, que será público, conterá, entre outros, o compromiso de actuar con obxectividade, independencia e rigor profesional, de respectar a confidencialidade sobre os datos persoais dos aspirantes á acreditación de que tivesen coñecemento por razón da súa participación na comisión, de gardar segredo das deliberacións da comisión e de garantir a dedicación necesaria para o desempeño adecuado das tarefas que lles son propias.

2. De acordo coas normas previstas pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, o

incumprimento do código ético poderá dar lugar á revogación da condición de membro da comisión de acreditación, que será acordada polo Consello de Universidades por proposta daquela, sen prexuízo doutras responsabilidades a que houber lugar. Este código deberá ser coherente co disposto no capítulo VI da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 9. *Publicidade.*

Para garantir a transparencia e obxectividade na designación dos membros das comisións de acreditación, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación publicará o contido dos currículos dos membros titulares e suplentes a que se refire o artigo 57.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior. O contido público do currículo comprenderá o nome e os apelidos, a institución en que desenvolve a súa actividade principal, o posto que desempeña e a información relativa ás epígrafes do anexo sobre criterios de avaliación.

Artigo 10. *Aceptación, renuncia, abstención e recusación.*

1. A designación como membro dunha comisión de acreditación require o acordo do interesado e o asinamento do código ético. Os designados poderán, en todo momento, renunciar mediante unha comunicación á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.

2. No caso de que concorran os motivos de abstención a que se refire o artigo 28.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os interesados deberán absterse de actuar no expediente de acreditación que dea lugar á abstención e manifestar o motivo concorrente. En todo caso, os membros da comisión de acreditación deberán absterse de actuar nos procedementos de acreditación de solicitantes que estean vinculados funcional ou contractualmente coa mesma institución en que desenvolvan a súa actividade principal. A actuación dos membros da comisión de acreditación en que concorran motivos de abstención non implicará, necesariamente, a invalidez dos actos en que interviñesen.

3. Cando se produza a recusación a que se refire o artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que poderá ter lugar en calquera momento do procedemento, o recusado manifestará, no día seguinte a aquel en que tivese coñecemento da súa recusación, se se dá ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, o presidente apartará da comisión o vogal recusado para actuación sobre o correspondente expediente de acreditación, procedendo, en caso necesario, á súa substitución por un suplente.

Se nega a causa de recusación, o presidente resolverá no prazo de tres días, previos os informes e comprobacións que considere oportunos. Contra as resolucións adoptadas nesta materia non se poderá presentar reclamación ningunha, sen prexuízo de que se alegue ao interpoñer posteriores recursos.

4. Nos casos de renuncia, abstención ou recusación que impidan a actuación dos membros da comisión, estes serán substituídos polos suplentes. No caso de que no membro suplente concorrese algún dos supostos de abstención ou recusación citados anteriormente, a súa substitución faraa outro suplente, de acordo coa orde previa establecida pola propia comisión. Se tampouco fosen posibles estas substitucións, o Consello de Universidades procederá a designar novos membros titulares e suplentes. En calquera caso, manterase unha lista activa de, polo menos, sete suplentes.

Artigo 11. *Constitución e funcionamento das comisións de acreditación.*

1. As comisións de acreditación terán carácter permanente.

2. Sen prexuízo do disposto na disposición adicional quinta deste real decreto, o nomeamento do presidente titular de cada comisión de acreditación farase por un período de tres anos e o dos vogais, por dous, e non poderán ser designados para outro período inmediato.

3. As comisións de acreditación reuniranse, mediante convocatoria do seu presidente, cantas veces sexan necesarias e, polo menos, unha vez ao mes. A constitución de cada comisión realizarase na súa primeira reunión, da cal a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación dará a debida publicidade.

4. Para que a comisión poida actuar validamente será necesaria a presenza de máis da metade dos seus membros.

5. Os membros das comisións de acreditación percibirán os emolumentos, asistencias e indemnizacións que lles correspondan, segundo as normas e procedementos da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, que os aboará con cargo aos seus orzamentos.

6. No non previsto neste real decreto, as comisións de acreditación axustarán o seu funcionamento ás previsións contidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO III

Requisitos para a acreditación

Artigo 12. *Acreditación para o acceso ao corpo de profesores titulares de universidade.*

1. Para optar á acreditación para profesor ou profesora titular de universidade é requisito indispensable estar en posesión do título de doutor. Para tal efecto, os candidatos e candidatas deberán presentar a correspondente solicitude, á cal xuntarán a xustificación dos méritos que aduzan de carácter académico, profesional, docente e investigador e de xestión académica e científica, que se valorarán de acordo cos criterios que figuran no anexo.

2. Ademais, serán admisibles títulos estranxeiros de doutor sen homologar; en tal caso, a obtención da acreditación producirá idénticos efectos que a homologación deste título. Neste suposto, o Consello de Universidades notificaralle a resolución ao Ministerio de Educación e Ciencia para a súa inscrición no correspondente rexistro a que se refire o artigo 16.3 do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior.

Artigo 13. *Acreditación para o acceso ao corpo de catedráticos de universidade.*

1. Os profesores ou profesoras titulares de universidade poderán optar á acreditación para catedrático ou catedrática de universidade, mediante a presentación dunha solicitude á cal xuntarán a xustificación dos méritos que aduzan de carácter académico, profesional, docente e investigador e de xestión académica e científica, que se valorarán de acordo cos criterios que figuran no anexo.

2. Quedarán eximidos do requisito de pertencer ao corpo de profesores titulares de universidade os que acrediten ter a condición de doutor con, polo menos, oito anos de antigüidade e obteñan, con carácter previo á solicitude da acreditación, o informe positivo da súa

actividade docente e investigadora do Consello de Universidades.

A exención a que se refire este punto levarase a cabo de acordo co que estableza o regulamento polo que se rexerá o Consello de Universidades.

Este informe entenderase positivo no caso dos funcionarios pertencentes a corpos ou escalas de persoal investigador para cuxo ingreso se exixa estar en posesión do título de doutor.

CAPÍTULO IV

Procedemento

Artigo 14. *Solicitudes.*

Os candidatos e candidatas que desexen tomar parte no procedemento para a acreditación remitirán á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico, das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unha solicitude en que farán constar o corpo docente en que se pretenden acreditar e a rama de coñecemento pola cal queren ser avaliados, de acordo co modelo que a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación estableza.

A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación posibilitará a presentación das solicitudes, a consulta do estado de tramitación do expediente e a súa resolución mediante o uso de procedementos por medios electrónicos, en aplicación do disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, implantando sobre os sistemas en que se conteña a citada información as medidas de seguranza previstas na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 15. *Tramitación.*

1. Unha vez recibidas as solicitudes, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación comprobará o cumprimento dos requisitos relativos á documentación preceptiva establecida para a acreditación a cada un dos corpos de funcionarios docentes universitarios. Unha vez efectuada a comprobación, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación porá a documentación á disposición das comisións. Se se deixa de presentar algún documento esencial ou os presentados non reunisen os requisitos necesarios, comunicaráse-lle ao interesado esta circunstancia e concederáselle un prazo adicional de 10 días para a súa emenda. De non efectuar a emenda no referido prazo, terase por desistido da súa petición, e archivarase sen más trámite. Así mesmo, se o procedemento se paraliza por causa imputable ao interesado, transcorridos tres meses, producirase a súa caducidade.

2. As comisións remitirán a documentación presentada polos solicitantes polo menos a dous expertos do ámbito científico e académico correspondente para a elaboración de cadanseu informe individual. Os criterios de selección dos expertos e os procesos de actuación serán aprobados polo Consello de Universidades logo da proposta da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación. No caso de que as comisións o consideren necesario, poderán solicitar informes adicionais. Para poder actuar como experto deberán cumprir os mesmos ou equivalentes requisitos que para poder formar parte da comisión correspondente.

3. As comisións de acreditación examinarán a documentación presentada e os informes dos expertos, co fin de emitir o seu informe. En caso necesario poderán solicitar dos solicitantes aclaracións ou xustificacións adicio-

nais, que se entregarán por escrito nun prazo de 10 días. No caso de que non se presente a xustificación ou aclaración solicitada neste prazo, non se valorará o aspecto que motivou a citada xustificación ou aclaración.

4. Nos supostos de avaliación negativa, e con carácter previo á resolución, as comisións de acreditación remitiranlles as súas propostas de resolución aos interesados, debidamente motivadas, xunto co informe dos expertos a que se refire o punto 2, co fin de que, no prazo de 10 días, dirixan ao presidente da comisión as alegacións que coiden pertinentes, que deberán ser valoradas pola comisión.

5. Cumprido o trámite a que se refire o punto anterior, a comisión resolverá sobre a solicitude de acreditación nun prazo non superior a seis meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación. Esta resolución será motivada e poderá ser favorable ou desfavorable á acreditación; deberá ser notificada ao interesado dentro dos 10 días seguintes á data en que fose ditada e publicárase dentro dos 15 días seguintes na páxina web do Ministerio de Educación e Ciencia.

6. Así mesmo, a Axencia comunicarlle a resolución ao Consello de Universidades, que expedirá, cando así proceda, a favor do candidato o correspondente certificado de acreditación, facendo constar nel a rama de coñecemento da comisión que avaliou a solicitude.

7. No caso de resolución negativa, o interesado ou interesada non poderá solicitar unha nova acreditación ata transcorridos dezoito meses desde a presentación da solicitude.

Artigo 16. *Reclamacións.*

1. Contra as resolucións a que se refire o artigo anterior, os solicitantes poderán presentar, no prazo dun mes, unha reclamación ante o Consello de Universidades que, no caso de ser admitida a trámite, será valorada por unha comisión designada para o efecto polo dito órgano. A comisión estará formada por membros designados de acordo co establecido nos artigos 5, 6 e 7.

2. Esta comisión examinará o expediente relativo á acreditación para velar polas garantías establecidas e poderá ratificar a resolución ou, se é o caso, aceptar a reclamación, todo isto nun prazo máximo de tres meses. O transcurso do prazo máximo establecido sen ditar e notificar a resolución terá efecto desestimatorio, de acordo co previsto no artigo 66.1 da Lei 6/2001, do 12 de decembro, de universidades, segundo a redacción dada pola Lei 4/2007, do 12 de abril.

3. O exame da reclamación farase baseándose na solicitude de avaliación e toda a documentación contida no expediente.

4. No caso de ser estimada a reclamación, a comisión remitiralle á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación a súa resolución, na cal indicará de forma concreta os aspectos da avaliación que deben ser revisados.

5. A resolución da comisión de reclamacións poderá ser impugnada enalzada perante a presidencia do Consello de Universidades.

Artigo 17. *Taxas.*

A participación no procedemento de acreditación poderá exixir o aboamento das taxas que anualmente se determinen nos orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional primeira. *Acreditación dos profesores ou profesoras titulares de escola universitaria.*

1. No procedemento de acreditación para profesores titulares de universidade, do profesorado que pertenza ao

corpo de titulares de escolas universitarias que posúan o título de doutor, valorarase a investigación, a xestión e, particularmente, a docencia.

2. A valoración será levada a cabo por unha única comisión designada polo Consello de Universidades con suxeición aos mesmos requisitos e procedementos establecidos neste real decreto.

3. Obterán a avaliación positiva os solicitantes que obteñan 65 puntos, de acordo co criterios e baremo sinalados no anexo para profesores e profesoras titulares de universidade; neste caso poderanse obter ata 50 puntos por actividade docente ou profesional.

4. En calquera caso, obterán a acreditación a que se refire esta disposición os solicitantes que cumpran algunha das seguintes condicións, que serán verificadas unicamente pola comisión:

a) Dous períodos de docencia e un período de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario.

b) Dous períodos de docencia recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario, e seis anos no desempeño dos órganos académicos unipersonais recollidos en estatutos das universidades ou que fosen asimilados a estes.

c) Dous períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario de investigación.

Disposición adicional segunda. *Dos catedráticos de escolas universitarias doutores.*

1. Os catedráticos ou catedráticas de escolas universitarias doutores poderán formar parte das comisións a que se refire o artigo 5.1.

2. Igualmente, poderán solicitar a acreditación para o corpo de catedráticos de universidade, nas mesmas condicións que os profesores ou profesoras titulares de universidade.

Disposición adicional terceira. *Da acreditación dos profesores estables ou permanentes dos centros de titularidade pública de ensino superior (INEF) que se acollan á disposición adicional décimo sétima da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.*

O procedemento para a acreditación para profesores ou profesoras estables ou permanentes dos centros de titularidade pública de ensino superior (INEF), creados con anterioridade á incorporación á universidade dos estudos condcentes ao título oficial en ciencias da actividade física e do deporte que posúan o título de doutor e cumpran os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sétima da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, valorará a investigación, a xestión e, particularmente, a docencia, séndolles de aplicación o establecido na disposición adicional primeira deste real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Profesorado de universidades de Estados membros da Unión Europea.*

1. O profesorado das universidades dos Estados membros da Unión Europea que alcanzasen naquelas unha posición equivalente ás de catedrático ou profesor titular de universidade será considerado acreditado para os efectos do previsto neste real decreto.

2. A certificación desta posición equivalente será realizada pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade

e Acreditación por solicitude do interesado, de acordo co procedemento que estableza a Axencia.

3. O profesorado a que se refire o punto 1 poderá formar parte das comisións de acreditación reguladas neste real decreto nas mesmas condicións que os funcionarios pertencentes aos corpos docentes universitarios.

Disposición adicional quinta. *Da constitución e renovación das primeiras comisións de acreditación.*

1. As comisións deberanse constituír dentro dos dous meses seguintes á data de entrada en vigor deste real decreto.

2. Transcorrido un ano desde a designación dos membros de cada comisión, designarase un terzo de novos membros titulares e outros tantos suplentes, que substituirán os titulares e suplentes de menor idade, cuxa permanencia será a establecida no artigo 11.

3. Transcorridos dous anos desde a primeira designación dos membros de cada comisión, designarase un terzo de novos membros titulares e outros tantos suplentes que substituirán os titulares e suplentes de maior idade designados na primeira designación, cuxa permanencia será a establecida non artigo 11. O presidente será substituído aos tres anos.

4. Transcorridos tres anos desde a primeira designación dos membros de cada comisión, designarase un terzo de novos membros titulares e outros tantos suplentes que substituirán os demais titulares e suplentes designados na primeira, cuxa permanencia será a establecida no artigo 11.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a e 30.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Inicio do proceso de acreditación.*

As solicitudes de acreditación a que se refire este real decreto poderanse presentar a partir dos 30 días contados desde a constitución da correspondente comisión.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

ANEXO

A. Criterios de avaliación.

1. Actividade investigadora.

1.A Calidade e difusión de resultados da actividade investigadora.–Publicacións científicas, creacións artísticas profesionais, congresos, conferencias, seminarios, etcétera.

1.B Calidade e número de proxectos e contratos de investigación

1.C Calidade da transferencia dos resultados.–Patentes e produtos con rexistro de propiedade intelectual, transferencia de coñecemento ao sector produtivo, etcétera.

1.D Mobilidade do profesorado.–Estadías en centros de investigación, etc.

1.E Outros méritos.

2. Actividade docente ou profesional.

2.A Dedicación docente.–Amplitude, diversidade, intensidade, responsabilidade, ciclos, tipo de docencia universitaria, dirección de teses de doutoramento, etc.

2.B Calidade da actividade docente.–Avaliacións positivas da súa actividade, material docente orixinal, publicacións docentes, proxectos de innovación docente, etcétera.

2.C Calidade da formación docente.–Participación, como asistente ou relator, en congresos orientados á formación docente universitaria, estadías en centros docentes, etc.

2.D Calidade e dedicación a actividades profesionais, en empresas, institucións, organismos públicos de investigación ou hospitais, distintas ás docentes ou investigadoras.–Dedicación, avaliacións positivas da súa actividade, etc.

2.E Outros méritos.

3. Formación académica.

3.A Calidade da formación predoutoral.–Bolsas, premios, outros títulos, etc.

3.B Calidade da formación posdoutoral.–Bolsas de posdoutoramento, tese de doutoramento, premio extraordinario de doutoramento, mención de doutoramento europeo, mención de calidade do programa de doutoramento.

3.C Outros méritos de formación académica.

4. Experiencia en xestión e administración educativa, científica, tecnolóxica e outros méritos.

4.A Desempeño de cargos unipersoais de responsabilidade en xestión universitaria recollidos nos estatutos das universidades, ou que fosen asimilados, ou organismos públicos de investigación durante polo menos un ano.

4.B Desempeño de postos no ámbito educativo, científico ou tecnolóxico dentro da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas durante polo menos un ano.

4.C Outros méritos.

B. Baremo.

Para o corpo de profesores titulares de universidade. O baremo será, para cada un dos criterios da alínea A:

- a) Actividade investigadora: un máximo de 50 puntos.
- b) Actividade docente ou profesional: un máximo de 40 puntos.
- c) Formación académica: un máximo de 5 puntos.
- d) Experiencia en xestión e administración educativa, científica, tecnolóxica e outros méritos: un máximo de 5 puntos.

Para obter a avaliación positiva débense cumprir simultaneamente as seguintes condicións:

a) Alcanzar un mínimo de 60 puntos sumando os obtidos nas epígrafes «1. Actividade investigadora» e «2. Actividade docente ou profesional».

b) Conseguir un mínimo de 65 puntos como suma de todas as epígrafes.

Para o corpo de catedráticos de universidade.

O baremo será, para cada un dos criterios da alínea A:

- a) Actividade investigadora: un máximo de 55 puntos.
- b) Actividade docente ou profesional: un máximo de 35 puntos.
- c) Experiencia en xestión e administración educativa, científica, tecnolóxica e outros méritos: un máximo de 10 puntos.

Para obter a avaliación positiva débense cumprir simultaneamente as seguintes condicións:

- a) Conseguir un mínimo de 80 puntos como suma de todos os criterios.
- b) Conseguir polo menos 20 puntos no segundo criterio.

Para a avaliación da experiencia investigadora.

No caso da valoración da epígrafe 1 «Actividade investigadora», a achega dun período de actividade investigadora recoñecido de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario, terá unha valoración de 15 puntos.

17582 *REAL DECRETO 1313/2007, do 5 de outubro, polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios.* («BOE» 241, do 8-10-2007.)

A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece unha nova definición dos corpos de funcionarios docentes universitarios de catedráticos de universidade e profesores titulares de universidade, así como un novo procedemento de acceso aos citados corpos que require a obtención previa da acreditación a través da regulación contida no Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.

Este real decreto ten por obxecto regular, en desenvolvemento da nova redacción dada ao artigo 62 da citada Lei orgánica de universidades, o réxime dos concursos para o acceso a prazas dos citados corpos docentes universitarios, e aínda que a obtención do certificado de acreditación a que se refire o Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, anteriormente citado, se constitúe como requisito imprescindible para concorrer posteriormente aos concursos de acceso, trátase de dúas regulacións normativas diferenciadas que rompen co sistema ata a data vixente de acceso en dúas fases aos corpos de funcionarios docentes.

Poderase presentar aos concursos de acceso que se regulan nesta norma quen obtívase a acreditación para o corpo de profesores titulares de universidade e para o corpo de catedráticos de universidade, de acordo co establecido, respectivamente, nos artigos 12 e 13 do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.

Así mesmo, poderanse presentar aos concursos de acceso os profesores e profesoras titulares de escola universitaria que fosen acreditados de conformidade co establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, anteriormente citado, así como os profesores estables ou permanentes dos centros de titularidade pública de ensino superior (INEF), a que se refire a disposición adicional terceira do mesmo real decreto. Igualmente, poderase presentar o profesorado de universidades de Estados membros da Unión Europea, segundo o disposto na disposición adicional cuarta do devandito Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro.

Pola súa vez, quen resultase habilitado ou habilitada conforme o disposto no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos, poderase presentar aos concursos de acceso toda vez que se entenderá que posúen a acreditación regulada no Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se

establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.

Entenderase que os habilitados para catedrático de escola universitaria o están para profesor titular de universidade.

As bases das respectivas convocatorias, así como os estatutos da universidade convocante e demais normas de carácter xeral que resulten de aplicación, determinarán o procedemento polo cal se rexerán os concursos de acceso aos novos corpos de funcionarios docentes universitarios.

As universidades deberán nomear, de acordo cos seus estatutos e garantindo, en todo caso, a necesaria aptitude científica e docente dos seus compoñentes, comisións que xulgarán os concursos de acceso e proporánlle ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos por orde de preferencia para o seu nomeamento. Ademais, a universidade convocante publicará o contido dos currículos dos membros das comisións, de acordo co artigo 57.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

De acordo co establecido nesta norma, o procedemento que debe rexer nos concursos deberá valorar, en todo caso, o historial académico, docente e investigador do candidato ou candidata, o seu proxecto docente e investigador, así como contrastar as súas capacidades para a exposición e debate ante a comisión na correspondente materia ou especialidade en sesión pública.

As comisións proporánlle ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos e candidatas por orde de preferencia para o seu nomeamento, e este procederá aos nomeamentos conforme a proposta realizada. Non obstante, contra as propostas das comisións dos concursos de acceso os concursantes poderán presentar reclamación ante o reitor, de modo que, admitida a trámite a reclamación, se suspenderán os nomeamentos ata a súa resolución.

A Axencia Española de Protección de Datos, a Comisión Superior de Persoal e o Consello de Universidades emitiron informe sobre este real decreto e na súa elaboración foron consultadas as organizacións sindicais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de outubro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o réxime dos concursos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios de profesores titulares de universidade e catedráticos de universidade, establecidos na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidade modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

Os concursos de acceso aos corpos docentes universitarios a que se refire o artigo anterior rexeranse polas bases das súas respectivas convocatorias, de acordo co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, así como neste real decreto, nos estatutos da universidade convocante e nas demais normas de carácter xeral que resulten de aplicación.